

**Resolución de continuación e aprobación de expedientes de contratación de procedementos de adxudicación de contratos en tramitación no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19;**

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

A disposición adicional terceira deste real decreto 463/2020, establece que

“1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 17 de abril de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

*"Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de abril de 2020, sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes de contratación e procedementos de adxudicación de contratos de obras no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico...*

*...Examinadas as propostas das consellerías, acordase:*

*1. Autorizar que poida acordarse, polo órgano de contratación competente mediante resolución debidamente motivada, a continuación, unha vez completada a tramitación interna, dos expedientes de contratación de obras que se relacionan no Anexo I.*

*2. Autorizar que poida acordarse, polo órgano de contratación competente mediante resolución debidamente motivada, a continuación dos procedementos de adxudicación de contratos de obras en tramitación no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que se relacionan no Anexo II.*

*3. O disposto neste acordo deberá entenderse sen prexuízo da necesidade do respecto e aplicación dos protocolos e medidas aprobadas polos órganos competentes para velar pola seguridade e saúde nas obras"*

Conforme ao relatado no Anexo I do referido Acordo do Consello da Xunta, e coa motivación que se indica recóllense no dito Anexo I as seguintes:

- REORDENACIÓN INTERIOR DA LÁMINA DE AUGA DO PORTO DE RIBEIRA
- MELLORA DE DEFENSAS E MEDIOS DE AMARRE NOS PORTOS DE MUXÍA, CAMARIÑAS E RIBEIRA
- REFLOTAMENTO EMBARCACIÓN LÉTEL (EXECUCIÓN SUBSIDIARIA)



-ACONDICIONAMENTO DA NAVE DE REPARACIÓN DE REDES NO PEIRAO NORTE DO PORTO DE BURELA

4. Por acordo do Consello da Xunta de data 24 de abril de 2020 engádense as seguintes actuacións:

- CONVENIO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REORDENACIÓN DO PASEO DAS CAROLINAS E DO PARQUE GARCÍA BAYÓN (RIVEIRA)-FASE II.

O convenio para atender o funcionamento básico dos servizos públicos, ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Xunta de Galicia-Consellería do Mar, a través da entidade pública Portos de Galicia, e o Concello de Valga, para a execución das obras de embarcadero co fin de servir de plataforma para pasaxe e o acondicionamento do acceso ás instalacións mediante un camiño de saburra.

-CONVENIO PARA EXECUCION DAS OBRAS DE PROXECTO DE PANTALANS EN VALGA (PONTEVEDRA).

O convenio para atender o funcionamento básico dos servizos públicos ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Xunta de Galicia-Consellería do Mar, a través da entidade pública Portos de Galicia, e o Concello de Valga, para a execución das obras de embarcadero co fin de servir de plataforma para pasaxe e o acondicionamento do acceso ás instalacións mediante un camiño de saburra.

5. A Consellería do Mar considera esenciais aquelas obras estreitamente vinculadas á seguridade marítima e funcional das estruturas portuarias e das diferentes instalacións ubicadas nelas, como poden ser lonxas ou naves de redes. Así ocorre no caso das dragaxes, que con carácter xeral están dirixidos a mellorar as condicións de seguridade na navegación, ou naquelas outras nas que se pretende a mellora das defensas e medios de amarre ou incluso o reflotamento de embarcacións afundidas que poden ser un risco tanto para a navegación como a nivel ambiental en caso de que non foran acometidas. Tamén considera as razóns de protección do interese xeral que supoñen tales obras e actuacións.

Por outra parte, segundo o artigo 21 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, correspóndelle á entidade pública empresarial Portos de Galicia o proxecto, a actividade inspectora, dos portos e do desenvolvemento das actividades comerciais, industriais ou doutra natureza e de prestación de servizos que se realicen nos mesmos, co propósito de garantir a súa seguridade, a súa eficacia, o cumprimento polas empresas explotadoras e as persoas usuarias das obrigacións que lles correspondan e a observancia das normas técnicas e comerciais de carácter xeral ás que teñan que adecuarse a xestión e explotación dos bens, instalacións ou actividades.

As contratacións reflectidas atenden a estas obrigas de seguridade, operatividade e funcionamento básico do servizo público dos portos, xa que nuns caso recollen actuación de reposición de elementos de protección para o amarre das embarcacións pesqueiras nestes portos, que se atopan nunhas condicións de deterioro moi avanzado, como é o caso das obras de Mellora de defensas e medios de amarre nos portos de Muxía, Camariñas E Ribeira; noutros se contempla contempla actuacións para mellorar as condicións operativas e de





seguridade de varias das zonas da instalación portuaria, tales como a mellora das condicións de seguridade na descarga para a pesca de baixura, así como a reposición dos elementos de ancoraxe do dique flotante e a dotación de amarres para as embarcacións institucionais, que nestes momentos operan nunha situación moi precaria desde o punto de vista da seguridade, como resulta ser o caso da obra de Reordenación interior da lámina interior da auga do porto de Ribeira. Outras obras como a de acondicionamento da nave de reparación de redes no peirao norte do porto Burela a súa finalidade ademais das expostas, é a de particular de mellorar as condicións de traballo e seguridade dos traballadores de reparación de redes e de acondicionar un edificio no que o mantemento habitual non serviría para reparar as súas deficiencias, cun proxecto que cumpre co anterior empregando materiais mais duradeiros e con menos mantemento e adapta o edificio ao uso que se lle está a dar

A súa urxencia e necesidade de retomar os procedementos administrativos de licitación e adjudicación das obras deriva de que a tipoloxía destas que se realizan nos portos (tales como diques, espigóns, ramplas, explanadas, dragaxes, naves, pavimentacións, ordenación de litoral portuario, etc.) e a complexidade que amosan estas, por causa das circunstancias de que se implantan nun medio de especial risco, a costa e o marítimo con fortes condicionantes climatolóxicos, e esixente en canto as prestacións técnicas que deben reunir as obras que se implanten en tal medio, para garantir a protección do interese xeral e a necesaria seguridade e operatividade básica dun servizo público como é o portuario, o cal constitúe unha infraestrutura básica de funcionamento permanente 24 horas 365 días ao ano, para a actividade económica da pesca, do transporte e comercialización de mercadorías, máxime tendo en conta que mais do 65% por cento da poboación de Galicia se localiza na zona costeira e a importancia da actividade pesqueira e comercial dos portos como polo de actividade económica na súa área de influencia, pois os portos son infraestruturas e equipamentos esenciais para a competencia e para a actividade económica dos operadores e empresariado (*essential facilities*); noutros casos ademais atenden a necesaria protección do interese xeral e da mellora da interrelación dos portos coa vila, mellorando a accesibilidade e ordenación e control do acceso viario ao porto, como tal é o caso das obras de ordenación das Carolinas no porto de Ribeira.

Finalmente abundando na motivación exposta para as actuacións contempladas nesta resolución, cómpre considerar que dentro dos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 14 de abril de 2020 feitos públicos pola Resolución do 16 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, realizase unha Proposta para que as administracións públicas reactiven a tramitación de expedientes administrativos, emisión de informes e concesión de permisos e licenzas como medio necesario para a reactivación progresiva da actividade económica, de modo que para estes efectos, o Cecop insta as administracións competentes a valorar, de acordo coa disposición aludida, a continuación dos procedementos administrativos necesarios para que se poidan desenvolver as actividades económicas permitidas neste momento, por considerar que existe no seu desenvolvemento un interese xeral. Doutro xeito, carecería de sentido que, por unha banda, se permita a continuidade desas actividades e, por outra, permaneza paralizada a tramitación administrativa de que depende a súa continuidade.



Polo que de acordo cos antecedentes e motivación exposta e en virtude das facultades conferidas polo artigo 12.3.g) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, a Presidenta da entidade pública Portos de Galicia,

### **RESOLVE**

Primeiro.- Acordar reanudar a iniciación, continuación e aprobación dos termos e prazo dos expedientes de contratación autorizados polos Consellos da Xunta de Galicia de datas 17 e 24 de abril respectivamente relacionadas nesta Resolución conforme ao disposto polo Consello da Xunta.

Segundo.- A reanudación termos e prazos dos procedementos de contratación das obras obxecto desta resolución terá efectos desde o día seguinte ao de publicación desta Resolución na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia. publicación que realizará tamen na páxina web de Portos de Galicia.

Terceiro.- Para consultas xurídicas e técnicas estarase ao indicado no Cadro de Características do Contrato e no Prego de Cláusulas Administrativas particulares de cada licitación.

Contra a presente Resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Non obstante, o interesado poderá optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, perante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A PRESIDENTA

Susana Lenguas Gil

